

SERVIZO DE CONSULTORÍA ESTADÍSTICA

O Servizo de Consultoría Estatística nace co apoio dunha axuda económica da Xunta de Galicia, a través da convocatoria para Grupos de Referencia Competitiva. O grupo Modelos de optimización, decisión, estatística e aplicacións (GI-1914) estableceu como prioridade para a súa consolidación como estrutura de investigación de excelencia, unha reorganización das actividades do grupo en tres unidades atendendo ás características da actividade investigadora interdisciplinar levada a cabo polos seus membros. A axuda económica recibida tense invertido, actualmente, na contratación de un técnico coordinador do Servizo de Consultoría Estatística.




Figura 1. Organigrama do Servizo de Consultoría Estatística do Departamento de Estatística e Investigación Operativa

O Servizo de Consultoría Estatística conta cun **Director**, posto que ocupa o investigador principal do grupo de investigación (neste caso, Wenceslao González Manteiga). Tamén se crea unha **Comisión Científica**, da que forman parte o Director do Servizo e outros membros a proposta do Director do Servizo de Consultoría Estatística. Neste caso, a constitución da comisión é a seguinte, sendo o criterio de selección o ser investigador principal de proxectos competitivos:

COMISIÓN CIENTÍFICA

Director do Servizo: Wenceslao González Manteiga.

Membros da Comisión:

- Carmen M. Cadarso Suárez.
- Manuel Febrero Bande.
- Luis Alberto Ramil Novo

ESQUEMA DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE CONSULTORÍA ESTATÍSTICA

Proceso para atender unha solicitude.

1. O solicitante realiza unha petición a través dun formulario web, no que se rexistran datos de contacto e unha breve descrición da petición.
2. A partir do rexistro web, a técnico elaborará unha breve memoria da proposta. Se fose necesario, contactaría co solicitante para ampliar información. Esta proposta envíase ao Director do servizo. PRAZO: 3 días.
3. O Director, ou director/es técnico/s en quen delegue, valora a proposta. PRAZO: 3 días.
 - a. Se considera que non procede atendela, comunícallo ao técnico, que se pon en contacto co solicitante para informalo de que a súa solicitude non será atendida.
 - b. Noutro caso, a proposta envíase a tódolos membros do departamento.
4. Os interesados presentarán a súa proposta ao director. PRAZO: 1 semana.
 - a. Se só hai un investigador ou un grupo interesado en realizar o traballo, os técnicos convocan unha reunión co solicitante para tratar con máis detalle a proposta. Os técnicos elaborarán unha memoria para o convenio.
 - b. No caso de que houbese máis dun investigador ou dun grupo interesados, a Comisión Científica do servizo reunirse e tratará de que saia unha única proposta.




Figura 2. Esquema de funcionamento do Servizo de Consultoría Estatística do Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

TIPOS DE ASESORAMENTO

A través do Servizo de Consultoría Estatística pódense establecer dous tipos de asesoramento: asesoramento metodolóxico puntual e asesoramento de análise asistido.

- Por **asesoramento metodolóxico puntual** enténdese que o Servizo responde a consulta plantexada polo investigador ou solicitante (asesoramento sobre o deseño de estudo, a metodoloxía estatística a aplicar e interpretación dos resultados) pero sen realizarlle o traballo que implique. Por iso este tipo de asesoramento está indicado para aqueles investigadores que coñecen o método estatístico, a linguaxe e o software relacionados co seu problema e que teñen algunha dificultade por resolver (de método, de linguaxe ou ben de software). En caso de que o asesoramento non implique un informe de resultados o servizo prestado será gratuíto, en caso contrario aplicaranse as tarifas do apartado seguinte.
- Por **asesoramento de análise asistido** enténdese que o Servizo realiza todo o traballo que implique a consulta plantexada polo investigador ou solicitante, coa elaboración do correspondente informe.

TARIFAS

Fixáronse o establecemento dunhas tarifas polos servizos de asesoramento estatístico que foron aprobadas polos órganos de Goberno da USC e varían segundo o tipo de asesoramento estatístico requirido e da Institución orixe da consulta.

	USC	Outra Universidade ou Institución Pública	Privada
Asesoramento metodolóxico puntual	30 €/hora	40 €/hora	80 €/hora
Asesoramento análise asistida	50 €/hora	60 €/hora	120 €/hora
Asesoramento análisis asistido Internacional	40 €/hora	50 €/hora	90 €/hora

*Os precios non inclúen os costes indirectos (o 20% para a Universidade) e o I.V.A.

*En caso de asesoramento presencial, abonaríanse os correspondentes gastos por dietas e desplazamentos (non incluídos nos precios anteriores).

A elaboración dun presuposto non terá ningún coste. Por outro lado, nos casos de proxectos e convenios de gran magnitude, onde se necesiten especificar detalles do análise, a elaboración do presuposto comportará o pago dun mínimo de 5 horas.

EXEMPLO DE FORMULARIO WEB PARA PUBLICITAR NA PÁXINA DO DEPARTAMENTO

A Unidade de Consultoría Estatística créase co obxectivo de proporcionar asesoramento e apoio estatístico, tanto a grupos de investigación da USC ou doutras universidades, así como a profesionais ou empresas. Contacta con nos a través do seguinte formulario:

Para porse en contacto coa Unidade de Consultoría Estatística, utiliza este formulario:

Nome	<input type="text"/>
Universidade/Empresa/Institución	<input type="text"/>
Departamento/Área	<input type="text"/>
Dirección	<input type="text"/>
Poboación	<input type="text"/>
Teléfono de Contacto	<input type="text"/>
Correo Electrónico	<input type="text"/>

Consulta ou comentario (màx. 250 caracteres).

<input type="button" value="Enviar formulario"/>	<input type="button" value="Borrar"/>
--------------------------------------------------	---------------------------------------